

**PLAN DE  
CONVIVENCIA  
ESCOLAR**



**CEIP DAS FONTIÑAS**

## ÍNDICE

- 1.- **Fundamentación teórica e legal:**
  - 1.1.- No ámbito internacional.
  - 1.2.- No ámbito nacional.
  - 1.3.- No contexto galego.
- 2.- **Análise da situación:**
  - 2.1.- Respostas do alumnado.
  - 2.2.- Respostas do profesorado.
  - 2.3.- Respostas das familias.
  - 2.4.- Conclusións da avaliación.
- 3.- **Obxectivos específicos.**
- 4.- **Actuacións e medidas a desenvolver para favorecer a convivencia.**
- 5.- **Mediación escolar.**
- 6.- **Protocolos:**
  - 6.1.- Protocolo ante as situacións de acoso escolar.
  - 6.2.- Protocolo ante as situacións de absentismo escolar.
  - 6.3.- Plan de Acollda para o alumnado, profesorado e persoal non docente de nova incorporación.
- 7.- **Comisión de convivencia.**
- 8.- **Aula de convivencia inclusiva.**
- 9.- **Canles de coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa.**
- 10.- **Difusión do Plan de Convivencia.**
- 11.- **Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.**

### ANEXOS:

- A.1.- **Documentos para a xestión da aula de convivencia.**
  - I - Parte de incidencias do alumnado.
  - II - Informe de derivación.
  - III - Horario de permanencia na aula.
  - IV - Comunicación á familia.
- A.2.- **Normas de organización e funcionamento (NOF).**
  - I - Dereitos e deberes dos distintos sectores da Comunidade Educativa.
  - II- Condutas prexudiciais para a convivencia.
  - III- Medidas correctoras.

A necesidade de crear un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita aproveitar os recursos de xeito óptimo, xunto coa de educar na xestión pacífica dos conflitos, veuse plasmando na lexislación europea, estatal e autonómica dos últimos anos.

### 1.1.- No ámbito internacional

O Informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre Educación para o Século XXI (Comisión Jaques Delors) sinala como un dos catro piares da educación o de aprender a convivir.

Doutra banda, a Carta de Recomendación 12 (2002) do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros, apunta que se faga da educación para a cidadanía democrática un obxectivo prioritario da política educativa e das súas reformas. Algúns dos contidos suxeridos son os de resolver os conflitos de forma non violenta; argumentar en defensa dos puntos de vista propios; escoitar, comprender e interpretar os argumentos doutras persoas; recoñecer e aceptar as diferenzas; asumir responsabilidades compartidas ou establecer relacións construtivas, non agresivas, cos demais.

### 1.2.- No ámbito nacional

A Lei 27/05 de Fomento da Educación e da Cultura de Paz, art. 2, menciona: *“O Goberno promoverá a inclusión, como contido curricular, de iniciativas de educación para a paz a escala local e nacional [..]. O Goberno promoverá a formación especializada de homes e mulleres en técnicas de resolución de conflitos, negociación e mediación”*.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, establece no seu artigo 4 como principios de calidade do sistema educativo: *“A eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos”*.

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. É, tamén, unha finalidade explícita da educación e un obxectivo común en todas as etapas educativas. En concreto, na etapa da Educación Primaria, no Artigo 17.c) menciónase como obxectivo desta etapa: *“Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan”*.

### 1.3.- No contexto galego

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, marca as condutas contrarias ás normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as correccións mais habituais nos conflitos diarios. Resultan especialmente interesantes os artigos 19, sobre programas de habilidades sociais e as aulas de convivencia inclusivas, e o artigo 20, sobre os procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliados na corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

O artigo 3. a) c) do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria, subscribe o anteriormente dito. Finalmente, no Decreto 299/11, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, en relación á mellora continua da calidade, advírtese que “*ditos centros priorizarán, entre outras actuacións, as que promovan a convivencia no centro escolar*”.

Neste contexto, nace a obrigatoriedade da elaboración dun Plan de Convivencia de Centro que se ha de incluír dentro do Proxecto Educativo.

Estes plans brindan a oportunidade para reflexionar sobre o modo de entender a convivencia e as medidas a desenvolver.

Por outra banda, a negociación compartida das normas, os programas de educación emocional no marco do plan de acción tutorial e os plans de prevención do acoso escolar supoñen outras experiencias para a construción da convivencia.

O primeiro informe do Observatorio Estatal da Convivencia destaca o feito de mellorar a calidade do sistema educativo mellorando a convivencia dende unha perspectiva integral. Fai, tamén, fincapé na mellora da eficacia educativa das sancións, pois queda demostrado que os centros que mais sancionan (e de xeito mais automático), empeoran a convivencia por redundar en solucións ineficaces.

É preciso avanzar cara un novo modelo que aborde e constrúa as normas de xeito democrático, que afonde no desenvolvemento moral, que supoña aprender ao alumnado a xestionar as emocións propias, a anticipar as consecuencias dos seus actos, a reconciliarse e a reparar o dano para avanzar cara o futuro. Isto supón basear as relacións no respecto mutuo e camiñar cara a sistemas que teñan en conta as características de cada alumno/a e a súa situación familiar, social e educativa.

Entendemos, por tanto, que a convivencia se constrúe, tamén coa participación do alumnado e das súas familias na xestión dos conflitos, pois son os conflitos oportunidades de aprendizaxe e a xestión das emocións unha habilidade esencial para a vida nas sociedades.

## 2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN

No curso 2015/2016 a Consellería de Cultura, Educación e O. U elaborou un Informe de recollida de datos sobre a convivencia para os distintos sectores da Comunidade Educativa que reflicten os seguintes resultados:

### 2.1 Respostas do alumnado

#### **Sobre o coidado dos materiais e das instalacións do centro.**

O centro está bastante coidado pero algunhas veces tírase lixo no chan, fanse pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos...

#### **Sobre a forma de resolver os conflitos.**

Os conflitos resólvense: falando entre todos, impoñendo sancións, falando co/a profesor/a en privado, dándonos consellos os/as profesores/as, mandando a falar co director/a ou xefe/a de estudos...

#### **Sobre a frecuencia de condutas negativas no centro.**

As condutas negativas máis frecuentes son: insultar; poñer alcumes ou rirse doutra persoa; interromper, molestar e non deixar dar clase ao profesorado; chegar tarde á clase; non ter coidado co aseo persoal...

#### **Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia.**

Os problemas xorden principalmente no recreo, nos corredores, nos arredores do centro, e, en menor medida, durante as clases, no comedor, ao entrar e saír da clase...

#### **Sobre a condición de presunta vítima.**

Unha cuarta parte do alumnado manifesta ter padecido algunha conduta negativa á que responderon, maioritariamente, pedindo axuda á dirección ou á xefatura de estudos e, en menor medida, a un adulto do centro, á familia, aos seus amigos ou defendéndose.

Este tipo de comportamentos din telos recibido maioritariamente de compañeiros ou compañeiras da clase ou dun curso superior.

#### **Sobre a condición de presunto agresor/a.**

Arredor dun 4% recoñecen ter tido algunha conduta negativa pola que –aquí coincide a totalidade- recibiron como medida correctora estar traballando nun lugar fóra da clase.

### 2.2 Respostas do profesorado

#### **Sobre os documentos do centro.**

O profesorado manifesta non ter un coñecemento exhaustivo dos documentos de organización do centro e considera, maioritariamente que: os problemas de convivencia no centro son puntuais e a súa formación en materia de convivencia escolar é boa.

Pero ten coñecemento dos seguintes protocolos/normas que favorecen a convivencia: protocolo de absentismo, dereitos e os deberes do alumnado, normas de convivencia, orde nas entradas e saídas do centro, así como no comedor ...

### **Considera axeitado.**

Desenvolver programas para adquirir habilidades e competencias sociais destinados a todos os membros da comunidade educativa, formular a mellora da convivencia como obxectivo central da intervención no PEC, traballar as normas de convivencia e os dereitos e deberes na acción titorial, aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia, favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas...

### **Sobre a resolución de conflitos.**

As formas de resolver os conflitos son: Dialogando para intentar chegar a acordos, chamando ao pai/nai/persoas titoras legais, tratando o conflito entre todos (titor, profesorado, xefatura de estudos e alumnado), dando consellos ao alumnado...

### **Sobre a relación coas familias.**

O profesorado opina que cando se tratan problemas de convivencia, na maioría dos casos, as familias escoitan ao profesorado e chégase a acordos de actuación, á vez que amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar.

### **Sobre a influencia nas condutas do alumnado.**

Valora as seguintes causas: o contexto social, formación pedagóxica do profesorado para afrontar novas problemáticas, problemas familiares (familias desestruturadas), formación do profesorado en técnicas de regulación de conflitos, tipo de organización e clima do centro, características da personalidade do alumno/a...

## **2.3 Respostas das familias**

### **Sobre os documentos do centro.**

Manifestan ter pouco coñecemento dos documentos organizativos do centro relacionados coa convivencia.

### **Sobre a convivencia no centro.**

Consideran que no centro existen problemas de convivencia só de xeito puntual e no referente á formación en materia de convivencia escolar consideran máis formada a comunidade educativa en xeral que a propia familia.

### **Sobre o coidado dos materiais e das instalacións do centro.**

Consideran que no centro se coidan os materiais e as instalacións.

Maioritariamente manifestan facer un seguimento do día a día do/a fillo/a e están en contacto co profesorado.

### **Sobre a condición de presunto/a vítima e/ou agresor/a.**

A maioría das familias afirman que os/as seus/súas fillos/as nunca foron vítimas nin agresores. Un 12% di que o/a seu/súa fillo/a foi vítima dalgunha agresión e un 4% foi autor/co-autor. No caso das vítimas, as agresións foron de tipo físico, ameazas ou insultos maioritariamente. No caso dos agresores, as faltas consistiron en agresións físicas e, en menor medida, faltas de respecto e desobediencia ao profesor.

### **Sobre a resolución de problemas.**

O referente no centro para as familias é a persoa titora seguido do equipo directivo e persoal coidador.

Mayoritariamente as familias din apoiar as decisións que toma a persoa titora sobre o comportamento do seu fillo/ e afirman estar informados dos eventos especiais que se realizan no centro. En xeral, manifestan estar satisfeitos co centro.

Cando xorde un problema afirman que tratan de axudar falando co titor/a e co seu fillo.

## **2.4 Conclusións da avaliación.**

O centro presenta unha conflictividade baixa e ocasional. A resolución de conflitos segue as pautas establecidas nos documentos de convivencia. As familias manifestan estar informados do día a día dos seus fillos/as, colaborar co equipo docente e estar satisfeitos co centro.

Aínda así, convén mellorar algúns aspectos como:

#### a) Alumnado:

- Coidado das instalacións (aseos, mesas, ...)
- Respecto entre iguais (no patio, corredores, ...)
- Aproveitamento das clases
- Asunción de responsabilidades.

#### b) Profesorado:

- Coñecemento dos documentos de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- Desenvolver programas para adquirir habilidades e competencias sociais.
- Favorecer unha maior participación do alumnado na solución de problemas...
- Potenciar a mellora da convivencia en todos os eidos de xestión do centro e favorecer a participación do alumnado na mesma.

#### c) Familias

- Coñecemento dos documentos de organización, funcionamento e convivencia do centro.

### 3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mellorar a convivencia no centro como resultado da análise da mesma, da reflexión e buscando o acordo.
- Facilitar á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar no noso centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente as competencias social e cidadá e da autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
- Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos.
- Facilitar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
- Divulgar entre a comunidade educativa os documentos do centro relativos á convivencia.



#### 4.- ACTUACIÓNS E MEDIDAS A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

A procura dunha correcta convivencia escolar estará presente en todas as actuacións organizativas, curriculares e de coordinación que se desenvolvan tanto no propio centro como nas actividades extraescolares e complementarias que teñan lugar fóra del.

<b>4.1. ORGANIZATIVAS</b>		
<b>RESPONSABLES</b>	<b>ACTUACIÓNS</b>	<b>DESTINATARIOS</b>
Equipo directivo	<p>Claustro: Adscrición do profesorado.</p> <p>Organización e adscrición aos diferentes equipos e comisións do centro, e información sobre a periodicidade das reunións dos mesmos.</p>	Claustro de profesorado
Equipo directivo	<p>Divulgación ao inicio do curso das normas relativas á organización do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Entradas e saídas.</li> <li>• Recreos.</li> <li>• Cambio de clase.</li> <li>• Horarios.</li> <li>• Quendas de garda.</li> <li>• Control de faltas.</li> <li>• Protección de datos.</li> <li>• Uso de diferentes espazos do centro.</li> <li>• Utilización dos recursos materiais do centro.</li> </ul>	Profesorado, alumnado, familias e persoal non docente
Profesorado	Organización da titoría: repartindo responsabilidades, promovendo a participación do alumnado nas normas de aula, potenciando a participación de todo o alumnado nos xogos e nas actividades evitando as exclusións.	Alumnado e familias
Profesorado	Organización e dinamización do patio.	Alumnado
EACE, Profesorado	Actividades complementarias e extraesco-	Alumnado e familias

	lares: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización respectando as NOF.</li> <li>• Autorizacións das familias a participar.</li> </ul>	
E. Directivo	Formar un equipo de dinamización da convivencia escolar con ó menos algún membro pertencente á Comisión de convivencia.	Alumnado
Equipo de dinamización da convivencia	Facilitar a recollida de achegas, dos distintos sectores da comunidade educativa, para mellorar a convivencia: colocar unha caixa de correos...	Alumnado
Concello	Organización do comedor (segundo o establecido nas NOF).	Alumnado Coidadores do comedor
ANPA/Concello	Organización de actividades extraescolares alleas ao centro respectando as NOF.	Alumnado e familias

## 4.2. CURRICULARES

RESPONSABLES	ACTUACIÓNS	DESTINATARIOS
Equipo directivo CCP Equipo docente	Deseño, desenvolvemento e avaliación da PXA e das programacións docentes.	Alumnado
Profesorado	Avaliación da función e da práctica docente.	Profesorado
Alumnado	Atención á diversidade: Deseño e desenvolvemento de estratexias metodolóxicas adaptadas ás especificidades do alumnado.	Profesorado
Alumnado	Avaliación do progreso do alumnado co obxectivo de establecer programas de mellora.	Profesorado
Equipo directivo	Revisar nos equipos, CCP e claustro, a principios de curso, as normas do Plan de	Alumnado

CCP Equipo docente	Convivencia, acordar as formas sobre como traballalas co alumnado e facer aportacións para a PXA.	
Profesorado	Acordar os pasos a seguir na resolución de conflitos (registro de faltas, información ás familias, colaboración da xefatura de estudos e do DO).	Profesorado
Profesorado	Formación do alumnado en técnicas de resolución de conflitos e no uso responsable das TIC.	Alumnado
Profesorado	Rexistrar os conflitos que se producen na aula e no centro para ter unha visión xeral da convivencia co obxectivo de establecer as modificacións de mellora que sexan necesarias.	Alumnado

### 4.3. DE COORDINACIÓN

RESPONSABLES	ACTUACIÓNS	DESTINATARIOS
Equipo directivo	Consenso e divulgación das normas de convivencia..	Comunidade educativa
Equipo docente	Coordinación de actuacións <ul style="list-style-type: none"> <li>• De programación</li> <li>• De aplicación de normas.</li> </ul>	Alumnado
Titoría	Divulgación e aplicación de : <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dereitos e deberes do alumnado.</li> <li>• Normas de convivencia da aula e de organización do centro.</li> <li>• Medidas correctoras</li> <li>• Medidas de cohesión e dinámicas de grupos.</li> </ul> Información a nais/pais/ titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o Plan de Convivencia e as NOF.	Alumnado e familias

Profesorado	Atención á diversidade: deseño e implementación de estratexias metodolóxicas adaptadas ás especificidades do alumnado.	Alumnado
Profesorado e familias	Seguimento do alumnado e coordinación de actuacións.	Alumnado e familias
Equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proporcionarlle ao alumnado unha educación entre mulleres e homes, rexeitando os estereotipos sexistas, dando a coñecer a contribución feita polas mulleres en diferentes campos e fomentando por igual expectativas entre mulleres e homes.</li> <li>• Actuacións específicas para previr a discriminación por razóns de raza, relixión...</li> </ul>	Alumnado
Novos membros da comunidade educativa	<p>Acollida de novo alumnado e profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptación de alumnado infantil.</li> <li>• Coñecemento, por parte do novo profesorado, alumnado e familias da organización e funcionamento do centro.</li> <li>• Entrega de documentación ao novo profesorado.</li> </ul>	Equipo directivo Profesorado

#### 4.4. DE PARTICIPACIÓN

RESPONSABLES	ACTUACIÓNS	DESTINATARIOS
Equipo directivo	<p>Claustro e Consello escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Propostas para o Plan e a mellora da convivencia.</li> </ul>	Comunidade educativa
Equipo directivo	<p>Consello escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobación do Plan de Convivencia.</li> <li>• Seguimento e avaliación da convi-</li> </ul>	Comunidade educativa

	<p>vencia e das normas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de propostas.</li> </ul>	
<p>Equipo directivo Comisión de Convivencia</p>	<p>Equipo directivo e Comisión de convivencia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración do Plan de Convivencia.</li> <li>• Seguimento da convivencia.</li> <li>• Realización de propostas de mellora.</li> </ul>	<p>Comunidade educativa</p>
<p>Equipo directivo</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión do Plan.</li> <li>• Desenvolvemento de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia.</li> <li>• Promoción e organización da mediación.</li> </ul>	<p>Alumnado e familias</p>

#### **4.5. DE FORMACIÓN**

<p>PROFESORADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación desde o CAFI ...</li> <li>• Difusión dos Protocolos de acoso e ciberacoso, identidade de xénero... publicados pola Xunta de Galicia.</li> </ul>
<p>ALUMNADO</p>	<p>Plan Director.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• De forma transversal a través do currículo.</li> <li>• Formación dende a titoría e o departamento de orientación.</li> </ul>
<p>FAMILIAS .</p>	<p>Plan Director .</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escola de Pais e Nais.</li> <li>• Formación e asesoramento desde a titoría e o departamento de orientación</li> </ul>

## 4.6. PREVENTIVAS

RESPONSABLES	ACTUACIÓNS	DESTINATARIOS
<p>Dirección Xefatura de estudos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promoción da participación de todos os sectores na elaboración e revisión dos documentos do centro.</li> <li>• Divulgación do Plan de Convivencia dando a coñecer as normas de organización e de convivencia a toda a comunidade educativa.</li> <li>• Apoio á función titorial na prevención e na resolución de conflitos.</li> <li>• Valoración de posibles situacións contrarias á convivencia e deseño de intervencións oportunas de acordo coas titorías, requirindo a intervención do departamento de orientación, de ser o caso.</li> <li>• Coordinación das actuacións a nivel centro desde xefatura de estudos/dirección do centro..</li> </ul>	<p>Comunidade educativa</p>
<p>Titorías</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecemento das normas de aula de forma consensuada.</li> <li>• Divulgación de dereitos e deberes do alumnado.</li> <li>• Seguimento ordinario da convivencia nos diferentes espazos relacionados co centro.</li> <li>• Difusión de medidas correctoras de actitudes contrarias á convivencia na titoría.</li> <li>• Información ás familias e demanda, ás mesmas, de colaboración.</li> </ul>	<p>Alumnado e familias</p>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento de actuacións,</li> </ul>	<p>Comunidade educativa</p>

Departamento de orientación	de ser requiridas, en colaboración co equipo directivo, as titorías e as familias, en referencia á prevención, diagnose e resolución de conflitos, adquisición de habilidades de relación social e de técnicas de modificación de conduta.	va
Equipo docente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de sensibilización orientadas á non discriminación por razón de raza, identidade sexual, procedencia e condición persoal ou social e crenzas relixiosas.</li> </ul>	Alumnado

## 5.- MEDIACIÓN ESCOLAR

Tal como se recolle na lexislación vixente, os centros educativos promoverán a través das Xefaturas de Estudos a mediación como método de resolución pacífica de conflitos.

A mediación escolar é un método de resolución pacífica de conflitos, no que mediante a intervención imparcial dunha terceira persoa, axúdase ás partes implicadas a acadar por si mesmas un acordo satisfactorio.

Baséase nos seguintes principios:

- É un acto cooperativo e non competitivo.
- Está orientado cara o futuro en vez de cara o pasado.
- Ninguén gaña nin perde: as dúas partes saen gañando.
- Esixe honestidade e sinceridade.
- É voluntario.
- Non é ameazante nin sancionador.

Calquera membro da comunidade educativa pode ser mediador/a. As características que debe reunir un mediador/a son:

- É neutral, non trata de favorecer a ningunha parte.
- Non é un xuíz do conflito.
- É un bo oínte, usa técnicas de escoita activa.
- Está interesado/a en que as partes se sintan a gusto.
- É paciente, está disposto a axudar ás partes.

Características básicas do proceso da mediación:

- As partes en disputa expoñen as súas posicións e intereses.
- Escóitanse mutuamente e propoñen solucións.
- Acórdanse solucións satisfactorias e xustas para as dúas partes.

Conflitos que se poden resolver en mediación:

- Aqueles que non supoñan unha transgresión grave das normas de convivencia.
- Disputas entre alumnos/as, ameazas, rumores destrutivos, malas relacións...
- Amizades deterioradas.
- Conflitos entre profesores e alumnos e viceversa.
- Situacións que desagraden ou parezan inxustas

Dado que é un proceso no que ambas partes acoden de xeito voluntario, outra opción que queda é:

- Aterse ao Regulamento Disciplinario do centro.

A mediación permite sacar á luz problemas que non saberíamos como resolver, sempre que as dúas partes, voluntariamente, accedan a encontrar unha solución conxunta.

## 6.- PROTOCOLOS

### 6.1.- PROTOCOLO ANTE AS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

A Consellería de Educación presentou en maio do 2013 un documento pormenorizado para regular as actuacións ante posibles casos de acoso escolar: ***Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.***

(<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>)

O protocolo establece catro fases diferenciadas para o tratamento dos conflitos:

1. Coñecemento, identificación e comunicación da situación.
2. Recollida e rexistro de información.
3. Análise da información e adopción de medidas.
4. Seguimento, avaliación e rexistro das medidas adoptadas.



Procurarase amosar unha especial atención na primeira fase do proceso, na posible identificación do caso de acoso, para non demorar excesivamente os demais pasos.

Seguiranse estritamente os protocolos e anexos documentais proporcionados pola Consellería de Educación.

## **6.2.- PROTOCOLO ANTE AS SITUACIÓNS DE ABSENTISMO ESCOLAR**

A educación é un dereito fundamental de todos os nenos e nenas. Correspóndelle ao profesorado titor levar un control diario da asistencia á clase do alumnado da súa titoría e comunicarllo á xefatura de estudos nos cinco primeiros días do mes seguinte. No caso de superar o 10% de faltas do mes sen xustificar seguirase estritamente o protocolo de absentismo e os anexos documentais proporcionados pola Consellería de Educación que se atopan no enlace <http://www.edu.xunta.gal//portal/node/11632>.

## **6.3.- PLAN DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO, O PROFESORADO E O PERSOAL NON DOCENTE DE NOVA INCORPORACIÓN**

O centro dispón dun Plan de Acollida para o alumnado e o profesorado novo coa finalidade de ofrecerlles a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria no Centro. Seguiranse os mesmos pasos co persoal non docente.

## **7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A Comisión de Convivencia constituirase ao comezo de curso na primeira sesión ordinaria do Consello Escolar. Estará constituída por representantes de todos os sectores da comunidade educativa e integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes. A presidencia recaerá na dirección do centro e un dos seus integrantes exercerá as funcións de secretario/a que levantará acta das reunións. A Comisión manterá, ao menos, unha reunión por trimestre de carácter ordinario, previa á reunión do Consello Escolar, e cantas sexa preciso con carácter extraordinario seguindo a lexislación vixente.

As COMPETENCIAS da Comisión de Convivencia:

- Velar para que exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no centro.
- Estudar con urxencia os problemas que puideran producirse.
- Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes FUNCIONES:

- a) *Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.*
- b) *Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.*
- c) *Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.*
- d) *Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.*
- e) *Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.*
- f) *Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.*
- g) *Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.*
- h) *Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.*
- i) *Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.*

## 8.- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Aula de Convivencia Inclusiva ofrecerá atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese temporalmente o dereito de asistencia á clase pola imposición de medidas correctoras tras ter un comportamento negativo de forma continuada buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A atención personalizada do alumnado realizaraa un mestre/mestra de garda e poderase contar tamén coa colaboración do departamento de orientación e do equipo directivo.

### **8.1. Obxectivos da aula**

- a) Facilitar o desenvolvemento da actividade docente na aula de orixe.
- b) Fomentar a reflexión por parte do alumnado sobre a falta cometida e a maneira de reparala.
- c) Corrixir e mellorar a conduta do alumnado.
- d) Previr a posta en marcha de medidas máis extraordinarias de corrección, como pode ser a expulsión do centro.
- e) Favorecer o adestramento en habilidades sociais que preveñan condutas disruptivas no futuro.

### **8.2. Criterios de derivación do alumnado.**

1. Comportamento disruptivo, que altera o normal desenvolvemento da convivencia na aula, impedindo que o resto de compañeiros aproveiten a clase. Para elo é necesario ter realizado os pasos previos (protocolo: rexistro de faltas, adopción de medidas máis suaves...) e a comunicación coas familias.
2. Proferir un comportamento irrespectuoso ao profesorado, sendo á criterio deste necesario que non permaneza nese momento na aula de referencia.

### **8.3. Criterios pedagóxicos para a atención educativa do alumnado na aula de convivencia.**

- Coherencia entre o profesorado que se ocupa da aula de convivencia e o profesorado do grupo-clase.
- O alumnado da aula de convivencia realizará actividades de reflexión, programadas polo Departamento de Orientación, para favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- Tamén realizará os exercicios das materias correspondentes á clase que non asiste, para que non perda o ritmo do seu grupo.
- O profesorado que atenda ao alumnado derivado á aula deberá atender as necesidades que lle poidan xurdir, fundamentalmente as relacionadas cos exercicios que deba realizar.

#### **8.4. Os obxectivos destas actuacións son:**

- Ensinar a reflexionar ao alumnado que foi expulsado da aula.
- Valorar as causas da expulsión da aula de referencia.
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da vida escolar

#### **8.5. Protocolo de derivación**

Ante unha incidencia grave na aula:

1. Anotación no parte de incidencias da clase por parte do profesor/a.
2. Envío do alumno/a á aula de convivencia.
3. O alumno/a fará as actividades de reflexión e de compromiso propostas polo Departamento de Orientación.
4. O mestre/a responsable da aula de convivencia debe procurar que o alumno/a realice tamén as tarefas propostas polo profesorado da aula de orixe.
5. De volta á aula de procedencia o mestre/a responsable revisará o traballo realizado polo alumno/a na aula de convivencia.
6. Levarase un rexistro do tempo e das veces que un alumno/a acude á aula de convivencia.

#### **8.6. Protocolo de comunicación**

O/A profesor/a, o/a titor/a ou a xefatura de estudos informará á familia mediante comunicación escrita da derivación do alumno/a á aula de convivencia solicitando a súa colaboración. A familia cumprimentará o documento recibido e devolverao asinado para que quede constancia no centro de que foi informado. (*Anexos*).

#### **8.7. Horario de funcionamento da aula de convivencia**

A aula de convivencia estará aberta durante toda a xornada escolar.

A xefatura de estudos elaborará o horario cos responsables de dita aula. Este horario incluírase na Programación Xeral xunto cos demais horarios.

#### **8.8. Funcións das diferentes instancias implicadas**

Ademais do profesorado de garda que atende a aula hai outras instancias implicadas como son:

- Xefatura de estudos
- Orientación
- Comisión de Convivencia

INSTANCIA	FUNCIÓN
<b>Xefatura de estudos:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinar, supervisar e valorar o cumprimento do protocolo.</li> <li>• Proporcionar a información recopilada ao membro da comunidade educativa que o solicite.</li> </ul>
<b>Orientadora:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesorar e apoiar ao profesorado en cuestións relacionadas coa convivencia.</li> <li>• Preparar diferentes materiais relacionados coa reflexión dos comportamentos.</li> <li>• Participar na firma de compromisos e contratos de comportamento do alumnado cando sexa necesario.</li> </ul>
<b>Comisión de Convivencia:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesorar á dirección do centro e ao conxunto do Consello Escolar no cumprimento do establecido no Plan de Convivencia, canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para previr e evitar o conflito e mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia nos centros.</li> <li>• Elaborar un informe anual, analizando os problemas detectados na xestión da convivencia, e no seu caso, na aplicación efectiva dos dereitos e deberes do alumnado</li> </ul>

## 9.- CANLES DE COORDINACIÓN ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Nos mecanismos de coordinación para a dinamización do Plan de Convivencia distinguimos dúas partes:

### A) Aportacións

- **Profesorado** –► **CCP** –► **Xefatura de Estudos / Dirección.**

O profesorado será informado e realizará as súas achegas para o Plan de Convivencia a través da CCP.

- **Persoal non docente** –► **Secretario** –► **Dirección.**

O persoal non docente comunicará ao Secretario, e este ao Director, todo o relativo á convivencia no centro.

- **Familias** –► **Consello Escolar.**

As familias farán as súas achegas ao Plan de Convivencia a través dos seus representantes no Consello Escolar.

- **Alumnado** –► **Portavoces** –► **Titorías** –► **Xefatura de Estudos / Dirección.**

O alumnado fará as súas achegas a través dos seus portavoces, dos titores ou titoras ou ben en medios de recollida de información que se establezan para este fin.

A Comisión de Convivencia e o Consello Escolar recollerán as propostas dos distintos sectores e asesorarán, apoiarán e levarán a cabo actuacións de mellora no ámbito da convivencia no centro.

## **B) Pasos a seguir nas actuacións de mellora da convivencia.**

Calquera actuación que se desenvolva no ámbito da convivencia ha de seguir estes pasos:

- Alumnado → Profesor/a
- Alumnado → Titor/a
- Alumnado / Familias → Titor/a / Profesor/a
- Alumnado / Familias → Titor/a/ Profesor/a → Xefatura de Estudos
- Familias → Titor/a → Xefatura de Estudos → Orientador/a → Dirección

O titor/a, en colaboración co orientador/a, será o encargado da dinamización do Plan de Convivencia no seu grupo, previa información ao profesorado que imparta nesa aula.

As familias e o profesorado, co asesoramento do Departamento de Orientación se fose preciso, colaborarán na mellora da convivencia. Posteriormente, se a situación o require, intervirá a Xefatura de Estudos e/ou Dirección.

## **10.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do colexio e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección, da Xefatura de Estudos, na Secretaría e na sala de profesores/as.

No primeiro Claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia e entregaráselle a cada profesor/a un resumo destes. O profesorado que se incorpore unha vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos e recibirá tamén este resumo.

Nas reunións iniciais de cada curso o profesorado titor informará ás familias do Plan de Convivencia.

Nos primeiros días de curso, ao longo do mes de setembro, a persoa titora informará ao alumnado do Plan de Convivencia.

## 11.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirse as veces establecidas neste plan e realizarase unha memoria anual, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobada polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.

Entre os **indicadores** que debería contemplar a memoria están:

a)	O grao de consecución dos obxectivos.
b)	Actividades realizadas.
c)	Formación relacionada coa convivencia.
d)	Recursos utilizados.
e)	Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
f)	Asesoramento e apoio técnico recibido.
g)	Incidencias atendidas.
h)	Grao de satisfacción dos participantes.
i)	Propostas de mellora para o seguinte curso escolar
l)	Nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.

Os resultados da memoria final serán a base para a realización da programación das actuacións do curso seguinte.

## ANEXOS:

### Documentos para a xestión da aula de convivencia inclusiva:

- I - Parte de incidencias do alumnado
- II - Informe de derivación
- III - Horario de permanencia na aula
- IV - Comunicación á familia

### Normas de organización e funcionamento (NOF)

- I - Dereitos e deberes dos distintos sectores da Comunidade Educativa
- II - Condutas prexudiciais para a convivencia
- III - Medidas correctoras





## PARTE DE INCIDENCIAS DO ALUMNADO

Data da incidencia:	Hora:
Alumno/a:	
Curso:	Grupo:
Mestre/a:	
Informada a persoa titora por medio de:	Data:

### INFORME DA INCIDENCIA:

Sinatura e data:	
---------------------	--

### COMUNICACIÓN COA FAMILIA REALIZADA POR:

Mestre/a implicado/a:	<input type="checkbox"/> Prof. aula <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/> Prof. garda <input type="checkbox"/> Xefe/a de Estudos
Teléfono(s) de contacto:	
Contactouse coa familia:	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Concertouse entrevista para o día: ..... á hora: .....



## INFORME DE DERIVACIÓN

MES:

SEMANA:

DATOS DO ALUMNO/A:

APELIDOS:

NOME:

Curso:

Grupo:

NÚMERO DE DERIVACIÓNS:

**Motivo polo que se deriva a aula de convivencia:**

**Actuacións levadas a cabo na aula de convivencia:**

**a) De reflexión:**

**b) Formativas**

<b>HORARIO DE PERMANENCIA NA AULA</b>					
	<b>luns</b>	<b>martes</b>	<b>mércores</b>	<b>xoves</b>	<b>venres</b>
<b>1ª sesión</b>					
<b>2ª sesión</b>					
<b>3ª sesión</b>					
<b>4ª sesión</b>					
<b>5ª sesión</b>					

<b>DATOS SOBRE A EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A NA AULA</b>	
Trae os materiais para traballar:	
Realiza as actividades que se lle indican:	
Amosa unha actitude respectuosa:	
Establece compromisos:	
Outros datos de interese:	



## COMUNICACIÓN Á FAMILIA

Reunidos,

D /Dna.....pai, nai  
 ou titor legal do alumno / alumna:.....  
 do ..... curso/nivel e o/a Xefe/a de Estudos D/Dna

.....  
 .....

Para o seu coñecemento se lle comunica a resolución adoptada de derivar ao citado alumno/alumna á Aula de Convivencia nas condicións establecidas no Plan de Convivencia.

.

Santiago de Compostela a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/a xefe de estudos

O pai, nai ou titor legal

Asdo:.....

Asdo:.....

## NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas de convivencia referidas á organización e funcionamento do centro (normas xerais das dúas etapas, para uso de espazos e recursos, de biblioteca escolar, material e instalacións deportivas, saídas e utilización das instalacións por distintas organizacións) igual que os dereitos e deberes de cada un dos sectores da Comunidade Educativa, condutas prexudiciais para a convivencia e medidas correctoras atópanse nas NOF. Aquí actualízanse os últimos.

### DEREITOS E DEBERES DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

#### Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a)	A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
b)	A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo.
c)	A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
d)	A ser oídos nos procedementos disciplinarios que afecten aos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
e)	A participar no proceso educativo nos termos que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

a)	Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
b)	Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
c)	Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
d)	Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

## Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a)	A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
b)	A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
c)	Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
e)	A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

a)	Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
b)	Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
c)	Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
d)	Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
e)	Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
f)	Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
g)	Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
h)	Asistir á clase con puntualidade e co material preciso.

## Dereitos e deberes do profesorado

1. Ao profesorado, que ten condición de autoridade pública no exercicio das súas funcións (Lei 4/2011, artigo 11, punto 2:

*No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade),*

recoñécenselle, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, os seguintes **dereitos**:

a)	A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
b)	A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado.
c)	A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
d)	A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar.

2. Son **deberes** do profesorado:

a)	Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar.
b)	Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia.
c)	Colaborar na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
d)	Manter informados as nais, pais e titores legais do proceso educativo dos seus fillos e establecer con eles unha colaboración eficaz.
e)	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

## Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a)	A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
b)	A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado.
c)	A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos

a)	Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
b)	Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
c)	Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
d)	Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.



## CONDUTAS PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

### Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos que estean expresamente prohibidos polas normas do centro ou que poidan perturbar o desenvolvemento das actividades docentes.
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia (3 veces).
l) O incumprimento das sancións impostas (2 veces).

## Conduitas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas leves, contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa.
c) Os actos de indisciplina ante o profesorado e o persoal de administración e de servizos.
d) Os danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais do centro, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
e) Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
f) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
g) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
h) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases. (3 veces)
i) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

## MEDIDAS CORRECTORAS

### Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a)	Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b)	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
c)	Cambio de grupo.
d)	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e)	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f)	Cambio de centro.

## Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.